



Ferrol  
**Merece  
Máis!**

**Iván  
Rivas  
Rico**



1. Iván Rivas Rico
2. Maria do Mar López González
3. Roberto Montero Castrillón
4. Pilar Lozano Yañez
5. Mercedes Tobio Rodriguez
6. Raquel Vilariño Carballo
7. Pepe Cunha González  
(Independiente)
8. Beatriz Fernández González
9. Bruno Lopes Teixeira
10. Laura Maroto Lourido
11. Xan Carlos López Pereira
12. Mónica Bra García
13. Carlos Outeiro Baamonde
14. Rita Lázare Fouce
15. Francisco Vilariño Pérez
16. Andrea Martíns Fernández

17. Xurxo Jiménez Pérez
18. Cristina Díaz Fernández
19. Xoán Padín Hermida
20. Maria Xosé Pita Rodriguez
21. Alexandre Segura Río
22. Ana Vérez Gómez
23. Alexandre Peres Vigo
24. M<sup>a</sup> Isabel Rivero García
25. Mon Fernández Alfonzo

Suplentes:

1. Diego Fernández Balseiro
2. Xosefa Bra Fernández
3. Xosé Ramón López Carreira
4. Luisa Sanchez Meizoso
5. Antón Muñíz Tenreiro

## ÍNDICE

<b>1. CONTEXTO ACTUAL .....</b>	<b>5</b>
<b>2. FERROL CHEO DE VIDA .....</b>	<b>7</b>
<b>FERROL, cidade na que vivir con calidade. ....</b>	<b>7</b>
<b>Sustentabilidade ambiental .....</b>	<b>10</b>
<b>O comercio local dinamizador de Ferrol.....</b>	<b>13</b>
<b>Seguranza.....</b>	<b>15</b>
<b>3. FERROL AO SERVIZO DAS PERSOAS .....</b>	<b>17</b>
<b>Benestar.....</b>	<b>17</b>
<b>Vivenda.....</b>	<b>18</b>
<b>Ensino .....</b>	<b>20</b>
<b>Sanidade .....</b>	<b>22</b>
<b>Mocidade .....</b>	<b>24</b>
<b>Acción feminista.....</b>	<b>25</b>
<b>Diversidade, garantía de igualdade .....</b>	<b>30</b>
<b>Deporte.....</b>	<b>31</b>
<b>4. FERROL ORGULLOSO .....</b>	<b>34</b>
<b>O galego, central na nosa cidade. ....</b>	<b>34</b>
<b>Cultura .....</b>	<b>35</b>
<b>Memoria histórica .....</b>	<b>39</b>

Turismo.....	39
<b>5. FERROL SEN PRIVILEXIOS E CHEO DE OPORTUNIDADES .....</b>	<b>42</b>
Participación cidadá.....	42
Administración municipal .....	43
Política orzamentaria.....	44
<b>6. UN FERROL SEN LÍMITES .....</b>	<b>48</b>
<b>7. PROXECTOS BARRIO A BARRIO .....</b>	<b>49</b>

## 1. CONTEXTO ACTUAL

Estamos nunha situación caracterizada polos intensos cambios xeopolíticos a nivel mundial.

A Unión europea e os seus estados membros están a amosar unha actitude tan servil e submisiva aos designios dos USA que se podería cualificar con precisión como colonias ianquis.

As forzas defensoras europeas da “democracia occidental”, sexan da dereita tradicional ou da esquerda tradicional móstranse tan submisas cos USA e coas transnacionais como duras con todo movemento que cuestione ou contradiga os seus “sacrosantos estados”. O proceso de re-centralización do Estado español é unha boa mostra dese comportamento.

Esta dinámica está a ter moi serias consecuencias na sociedade galega, o déficit crónico de financiamento que arrastran, facer fronte a necesidades tan elementais como pagar a factura enerxética multiplicada, por non entrar na enorme dificultade de tentar paliar os efectos desta crise inflacionaria nos sectores máis vulnerábeis da súa veciñanza. Diante destas circunstancias, non existe capacidade real para actuar ante a inanición da administración competente que é a Xunta.

A intensa e planificada ofensiva contra a Galiza, a súa economía, os seus sinais de identidade e as súas clases populares, empeorou drasticamente a economía e o benestar da inmensa maioría dos galegos e galegas. A riqueza producida foi progresivamente detraída das clases populares e do propio País para a entregar ao grande capital. Como consecuencia desta cruel ofensiva, a sociedade galega atópase hoxe nunha situación aínda moito máis precaria que hai algúns anos, conformando unha situación de auténtica emerxencia nacional e social.

A actual configuración do Estado español aséntase nun modelo político e institucional ferreamente controlado desde Madrid.

Fronte a todo isto, a presenza do BNG nos concellos está para cuestionar decididamente un contexto tan adverso para a Galiza e as súas clases populares.

Porque o do BNG é un proxecto nacional e nacionalista, que parte de que tamén se pode e se debe construír unha nova Galiza desde os concellos.

Os concellos BNG desenvolven políticas nacionalistas e verdadeiramente transformadoras, que melloren a vida das clases populares, que contribúan para facer medrar a cohesión social e a autoestima nacional.

En Ferrol a situación actual do concello ven derivado dos gobernos da última década. Uns gobernos máis preocupados por pagarlles aos bancos que preocupados pola cidade. Tales decisións fixeron que non se invista o suficiente, nin os veciños vexan como o concello mellora. Gobernos preocupados máis por quedar ben con outras administracións dependentes do estado antes que mellorar as calidade de vida da veciñanza.

Por todo isto é que o BNG de Ferrol queremos mudar esta tendencia para impulsar un Ferrol renovado, un Ferrol pensando por e para a veciñanza, pensado para as máis pequenas ata as máis idosas, unha cidade chea de vida e con oportunidades para todas, un Ferrol que se sinta orgullosa de si mesma e das nosas raíces, da nosa cultura, da nosa lingua.

Por todo isto é que presentamos estas propostas para liderar o goberno desta cidade, unha cidade con moito futuro se apostamos por unha muda de dirección do que até o de aquí nos levou. Unha viraxe da man do BNG, porque os concellos BNG son concellos con futuro.

**Por un Ferrol sen lastres do estado, sen transnacionais, con futuro. Por un Ferrol sen límites.**

**Merecemos un Ferrol cheo de vida**

**Merecemos un Ferrol ao servizo das persoas**

**Merecemos un Ferrol orgulloso**

**Merecemos un Ferrol sen privilexios e cheo de oportunidades**

**Merecemos un Ferrol sen límites**

## 2. FERROL CHEO DE VIDA

### FERROL, cidade na que vivir con calidade.

En Ferrol temos a necesidade de aumentar a dotación de espazos urbanos como elementos fundamentais da socialización e da cohesión social. Comprometerémonos a traballar para ter uns espazos de calidade, accesíbeis, seguros, con unha necesaria inversión das prioridades entre os diferentes modos de mobilidade para establecer unha nova relación xerárquica: peón, bicicleta, transporte público, automóbil. Espazos nos que as necesidades das persoas, independentemente da súa mobilidade, sexan centrais.

O urbanismo non se pode facer mediante os métodos clásicos, a través de PXOM's cunha tramitación de lustros, senón que se ten que desenvolver a través dos Plans de Mobilidade, as ordenanzas de tráfico, a xestión pública da vivenda, regulación de usos terciarios e comerciais, plans de transporte público, plans especiais ou a definición de estratexias de infraestruturas verdes.

Coa crise provocada pola Covid-19 puidemos comprobar como a sociedade demandaba de espazos exteriores de socialización e observouse que había moitas necesidades por cubrir.

A dotación de espazos verdes e naturais leva asociado beneficios para a saúde, demostrándose a redución de mortes en función da posibilidade de contar con estas dotacións na nosa contorna máis próxima, ao mesmo tempo que os problemas medioambientais están a demandar novos modelos urbanos onde se integren coa natureza.

Dende o 1 de Xaneiro do 2023 os concellos de máis de 50 mil habitantes teñen a obriga de crear unhas zonas de baixas emisións (ZBE), que non é mais que áreas de circulación restrinxida. E por isto que debemos apostar por reducir a mobilidade dotando dos servizos esenciais a poboación nun rango temporal reducido e fomentar unha mobilidade activa en contornas saudables.

Desta maneira, será obriga da administración municipal:



- É necesario comezar a reconverter o cuartel do Sánchez Aguilera para darlle unha saída a ese espazo dentro do marco do aprobado nefasto convenio con defensa, polo que imos garantir que as zonas verdes libres propostas levaranse a cabo, así como tamén dos espazos públicos plantexados nel.

- No marco do programa operativo FEDER Galiza 2014-2020, en liña coa estratexia que neste eido adoptou a Comisión Europea no 2013, durante esta lexislatura planificaremos e iniciaremos a creación dunha Infraestrutura Verde coa rede de espazos naturais e seminaturais do concello, atendendo simultaneamente funcións ecolóxicas, culturais e produtivas. Por iso crearemos un gran corredor verde peonil e ciclable unindo todos as zonas verdes dos barrios da cidade co que se crearía un conxunto de máis de 531KM2

- Implantación de medidas para facilitar a mobilidade peonil na mobilidade municipal, creando espazos públicos de calidade, accesíbeis, seguros e con usos plurais, de modo que sexan centros de socialización, convivencia e camaradaría veciñal para favorecer o uso da rúa como espazo de encontro e reunión, espazos que non expulsen as persoas maiores ni os colectivos vulnerables. (entre outros, prazas, parques infantís, auditorios ao ar libre, espazos para as persoas maiores e para a mocidade...).

- Incremento de zonas verdes como elemento necesario para facilitar espazos de uso deportivo, regular a temperatura, pola absorción de ruído, etc.
- Eliminación das especies foráneas de todo o espazo urbano cando a súa función non sexa a ornamental dos parques e xardíns. Promoverase a substitución das especies forestais invasoras polas autóctonas.
- Facilitar o uso da bicicleta e dos medios de transporte público colectivo fronte a outros vehículos.
  - Fomentar a mistura de usos e desconcentración de servizos co obxecto de promover o acceso universal as necesidades cotiás da cidade a través dunha mobilidade sustentable.
  - Humanización integral do barrio da Magdalena.
  - Crearemos unha empresa de transporte publico.



## **Cambio de modelo na mobilidade**

No BNG temos a mobilidade é o eixo central das políticas públicas locais. É fundamental conectar as áreas rurais coas urbanas baixo unha perspectiva sustentábel e eficiente.

Máis unha vez, a regulación estatal para cumprir coas novas esixencias en materia de mobilidade ignora a realidade galega. Introduce, pois, nas áreas urbanas o concepto das Zonas de Baixas Emisións reguladas na Lei 7/2022 de cambio climático e nas Directrices para a Implantación das Zonas de Baixas Emisión. En ambos os textos insírense alternativas negativas desde o punto de vista da equidade e da sustentabilidade, ao facer necesario a circulación con vehículos eléctricos ou etiqueta C ou peaxe por circularen nas áreas restrinxidas. Desta forma, establécese unha situación de desigualdade ante a maioría da poboación que non poida adquirir un coche desas características.

Desde o BNG defendemos alternativas que garantan o dereito ao espazo público igualitario e tomamos en serio a necesidade de adoptar decisións políticas valentes que pasen pola redución do tráfico non preciso, para avanzar na sustentabilidade ambiental, especialmente na redución de emisións de CO2 e na diminución da contaminación acústica. En definitiva, espazos públicos respirábeis e confortábeis.

Para facilitar a vida no Ferrol que queremos, aberto á cada vez maior mobilidade da poboación, é preciso e urxente ser axentes activos na demanda ao goberno galego dun transporte público de calidade que conecte e vertebre Galiza.

De xeito coherente con estas ideas e entendendo a mobilidade como unha ferramenta para acción ambiental propomos as seguintes accións:

- Pór en marcha aparcamentos disuasorios con autobuses lanzadeira que permitan achegarse con rapidez ao centro da cidade e evitar a acumulación de vehículos particulares, ao mesmo tempo que se reducen os custes económicos en transporte individual e os niveis de contaminación.

- Promover a redución do tráfico innecesario para incidirmos na mellora da calidade do aire. En relación a isto, pretendemos o seu control a través da súa medición cuxos datos estarán a disposición pública.
- Mellorar a circulación peonil e ciclista.
- Implementación dun medio de transporte público municipal para a conexión das zonas rurais e a urbana para aquelas persoas que non dispoñen de coche e precisen achegarse até a cidade para desenvolver accións administrativas, acudir a citas sanitarias, etc.
- Mellorar as condicións dos viais e camiños no ámbito rural como vías de coexistencia, aumentando a comodidade e a seguranza viaria. Directamente nas de competencia municipal e demandando activamente a mellora das supra-municipais
- Atender á problemática do ruído, garantíndomos un entorno de calidade coa elaboración dunha ordenanza de ruídos.
- Finalmente, mais de xeito igualmente urxente, mellorar a mobilidade nos espazos públicos coa supresión de barreiras arquitectónicas. Facer o concello un concello accesible e inclusiva.

## Sustentabilidade ambiental

O BNG de Ferrol asumimos o compromiso da nosa xeración cara vindeiras a través do respecto, a protección e a preservación do noso patrimonio natural, a comezar polas nosas numerosas e espléndidas praias e bosques de ribeira. Contribuír desde Ferrol á loita contra a emerxencia climática será unha das nosas preocupacións.

### **Ciclo da auga**

- É coñecido o traballo que historicamente impulsamos desde o BNG para que hoxe sexa unha realidade a EDAR en Caneliñas, como tamén son coñecidas as nosas críticas á xestión que se realizou con ela, quer en aspectos económicos como en aspectos ambientais. Dar un tratamento acaído, eficaz e eficiente ao ciclo da auga

(captación, distribución, saneamento e depuración) é unha necesidade real pois a auga é un recurso escaso que hai que abordar na súa integridade.

- Esixiremos da Xunta da Galiza a elaboración, financiamento e execución dos plans galegos de saneamento, depuración e abastecemento, sobre todo no saneamento do noso rural que leva tantos anos sen acometerse e que é unha reivindicación da agrupación da zona rural.
- Esixiremos e impulsaremos a separación de augas pluviais das fecais na xestión das redes urbanas. Tamén poremos atención ao mantemento das redes e a rápida resolución de avarías.
- Recuperaremos as zonas máis degradadas da Ría de Ferrol -enseadas da Malata e de Caranza- así como a, tantas veces adiada, retirada dos restos da ponte das Pías que continúan no fondo da ría.
- Colaboraremos cos núcleos rurais para garantir auga de calidade e en cantidade suficiente. Queremos pór en valor os mananciais e fontes públicas na zona rural, o cal pasa necesariamente polo control sanitario destas augas desde a administración local.
- Xestionaremos como un eixo verde, como unha área natural homoxénea, os ríos que desembocan na Malata e protexeremos de xeito integral a fraga de Menáncaro.
- Promoveremos a reutilización e almacenaxe das augas de chuvia na prestación de servizos e traballos da administración local.

### **Residuos municipais**

- A complexidade e elevado custo da xestión dos residuos municipais non poden provocar un baixo estándar de calidade e unha insuficiente frecuencia de recollida, un transporte incorrecto e un tratamento que non respecte os criterios de sustentabilidade. Buscaremos outras opcións máis sustentábeis que o tratamento a través da incineración que se desenvolve maioritariamente con SOGAMA.
- Traballaremos pola separación correcta dos bio-residuos e das demais fraccións e na redución dos residuos plásticos a través de campañas de concienciación.

- Defenderemos un novo paradigma na xestión dos residuos municipais baseado na implicación colectiva e a participación directa de toda a sociedade, pois ningún modelo poderá funcionar correctamente sen esta premisa. Traballaremos pola compostaxe como cerne da xestión dos bio-residuos directamente desde as competencias de Ferrol e procurando a colaboración inter-institucional. Onde sexa posíbel, a compostaxe doméstica e a comunitaria é unha vía prioritaria e o modelo porta a portade recolección dos residuos ten demostrado os seus beneficios onde se implantou.
- Elaboraremos ordenanzas municipais que primen a recollida de calidade, a autocompostaxe e a redución na produción de residuos con medidas como, por exemplo, o apoio ao consumo de produtos a granel e á reutilización dos envases de transporte dos alimentos aos fogares. Estas irán acompañadas de campañas de divulgación e concienciación.
- Colaboraremos cos grandes produtores de residuos: comercio, hostalaría ou industrias así como aproveitaremos recursos do tipo dos restos de algas mortas nas nosas praias, restos de poda dos xardíns ou, por exemplo, rozas arbustivas en zonas rurais.

### **Iluminación e enerxía**

- A correcta iluminación do espazo público permite espazos seguros e transitábeis así como é necesaria para que teñamos unha cidade accesíbel na súa totalidade. A dispersión poboacional da zona rural e o incremento de custe que isto supón non pode representar un impedimento apostando pola substitución dos sistemas de iluminación de baixa eficiencia.
- Xestionaremos as redes de iluminación coa racionalización do consumo como unha prioridade e demandaremos da administración estatal unha tarifa eléctrica especial para o alumeadado das zonas rurais con asentamento poboacional diseminado.
- Un modelo enerxético galego, público, sustentábel e xusto é unha demanda histórica do BNG e por ela traballaremos desde Ferrol. O autoconsumo e as comunidades enerxéticas son realidades que se están a implantar na sociedade

xunto a outras alternativas enerxéticas renovábeis de proximidade. No BNG sabemos que ese é o camiño correcto polo que impulsaremos que as instalacións municipais avancen no autosuficiencia enerxética así como implantarmos una empresa.

- É o noso compromiso a realización de auditorías sobre o estado das distintas infraestruturas públicas e o seu consumo.
- Debido ao elevado custe que está tendo esta enerxía é necesario aplicar medidas como a de que sexa o propio concello quen merque a enerxía sen intermediarios, o que repercutirá moito no gasto actual e favorecendo un aforro para poderse invertir noutras melloras do concello.

### O comercio local dinamizador de Ferrol

Para o BNG de Ferrol é necesario considerar a situación do sector terciario nos nosos concellos, especialmente todo o que ten que ver co comercio local. A enorme incerteza actual e a expansión da venta en liña a través de grandes plataformas, complican considerablemente a subsistencia do comercio de proximidade. Por todo isto, se ben é certo que desde os concellos son moi limitadas as competencias, é imprescindible ter en conta esta realidade xa que vai ter grande impacto nas políticas de dinamización municipal.

A globalización que concentra o consumo nas grandes cadeas comerciais que deslocalizan a produción, fan desaparecer o persoal laboral cualificado, aumenta os horarios e a apertura en días festivos. O comercio local hoxe en día atópase nunha situación difícil e ademais nunha encrucillada. Na última década o modelo de comercio cambiou máis que nos últimos 50 anos, os hábitos de consumo da cidadanía sufriron un gran cambio, por unha parte a perda de poder adquisitivo que non dá tregua ás rendas máis baixas, e por outra parte a suba dos prezos está a pór contra as cordas a economía de moitas familias na nosa cidade.

No día a día da nosa cidade temos un claro exemplo de como o goberno municipal pode ser motor da dinamización comercial e social. A aprobación do Convenio con

defensa por parte do goberno actual presentado 10 anos atras é un claro exemplo de que tipo de futuro queren para a cidade o resto de opcións políticas. Dito convenio converte os terreos do antigo cuartel Sánchez Aguilera nun centro comercial e en 480 vivendas, o que provoca unha paralización e morte futura de todos aqueles pequenos - mais imprescindibles- proxectos que se están a levar a cabo no noso municipio.

Desde o BNG non queremos ver máis carteis de “en aluguer” e reivindicamos a vida nas rúas da cidade, con comercio local diverso, proxectos de hostalaría e hotelaría. Non podemos deixar que a cidade e as vidas das familias que nela habitan se vendan ás grandes multinacionais

Un lugar que sirva de conexión entre os diferentes barrios e que vertebre o inicio dun novo futuro máis sustentábel e humano para Ferrol.

Concellos gobernados polo BNG como Pontevedra, Ribadeo, Allariz, Pontearreas... son exemplo de como o apoio directo ao comercio local axuda a dinamizar as vilas e a recuperar tamén desde a perspectiva urbanística a cidade.

Partindo desta idea central, poñeremos en marcha as seguintes iniciativas:

- Traballaremos cos sectores de comercio de proximidade na modernización das técnicas e medios de comercialización, así como na redución dos custos que soporta o pequeno comercio e no asesoramento ao acceso a as fontes de financiamento, formación dixital e modelos innovadores de negocio e da xestión avanzada.
- Sendo Ferrol centro administrativo, sanitario e xudicial da comarca, deberemos aproveitar esta situación para potenciar que tamén o sexa a nivel comercial. Apostaremos por dinamizar o comercio de proximidade con desenvolvemento de iniciativas para a incentivación do consumo no pequeno comercio, fortalecendo o tecido comercial e empresarial propio, apoiando o comercio local e de proximidade fronte ás grandes superficies comerciais e incentivando a compra de produtos locais e galegos.

- Porase en marcha unha bolsa de baixos baleiros para alugar e que sirvan como primeiro negocio de moitas empresas que creceron ao abeiro da pandemia e creadas na casa que agora necesitan dun espazo para darse a coñecer, separando así o espazo laboral do doméstico.
- Revitalizaremos os mercados da Madalena, Recimil e Caranza.
- Constituirase unha mesa de comercio local, órgano de coordinación para coñecer de primeira man as necesidades do sector, redacción dun plan especial para o comercio local ademais de realizar un breve diagnóstico da situación. Detallaremos as liñas de traballo a abordar nos próximos anos.
- O Concello debe comprometerse a realizar as pequenas compras que realice no comercio da cidade, desenvolvendo os acordos e convenios necesarios co tecido comercial municipal, así como facer un esforzo especial por atraer a mocidade ao comercio e servizos locais. Propóranse realizar unha campaña anual de bonos para a rapazada para que adquiran o hábito de realizar as súas compras na localidade.
- Introduciremos nos comedores escolares produtos locais e impulsaremos o uso do galego no ámbito comercial: ofrecer asesoramento, instrumentos comunicativos. Alén disto, acondicionaremos a cidade para unha zona comercial accesíbel.

## Seguranza

Dende o BNG pretendemos que a noso Concello sexa un lugar agradábel para desenvolver a vida cotiá de toda a cidadanía, sen exclusión algunha e con especial atención aos segmentos poboacionais mais débiles. Polo que pensamos que hai que dotar de persoal axeitado para as necesidades concretas do Concello.

Estruturar e definir as diferentes unidades e servizos da Policía Local para ofrecer un servizo máis efectivo á cidadanía.

Elaborar as ferramentas legais axeitadas para o desenvolvemento do traballo dos distintos corpos municipais.



Definir os barrios e as parroquias en que se desenvolverán os Servizos de Seguranza, tendo en conta a socioloxía propia de cada zona.

Mellorar a vixilancia de praias con máis efectivos, dotar de mellores ferramentas de traballo así como tamén aumentando o período de vixilancia faise necesario para poder garantir un uso adecuado e seguro nas nosas praias. Así como dotar as nosas praias dun acceso universal e/ou mellora deste acceso na totalidade dos areas posíbeis para tal fin.

Mellorar a seguridade viaria no núcleo urbano, con especial interés ás persoas con limitacións de mobilidade, así como a nenas e nenos.

Incorporación das PRAZAS VACANTES do cadro de persoal da Policía Local do Concello de Ferrol.

Incorporación das PRAZAS VACANTES do cadro de persoal do Corpo de Bombeiros do Concello de Ferrol.

Elaboración do Regulamento Interno da Policía Local e a Ordenanza Municipal de Tráfico, en consonancia co explicitado.

Colocación de elementos e de mobiliario urbano que axude á mellora da seguridade viaria e a súa interpretación pensando na diversidade da poboación

### 3. FERROL AO SERVIZO DAS PERSOAS

#### Benestar

O concello de Ferrol está a padecer nesta última década un gran detrimento da capacidade activa das súas funcións, a falta de recursos persoais e económicos do municipio agudízase máis en determinadas áreas como por exemplo a de Servizos sociais, onde se necesitan ferramentas accesíbeis e rápidas para dar solucións a cidadanía, e que neste momento non son o recurso efectivo que esta cidade necesita. Necesitamos uns servizos sociais áxiles e eficaces.

A de benestar é unha das áreas que ten que seguir traballando nos plans socio-comunitarios para saber cales son os puntos febles de cada barrio e onde e como se pode traballar para a súa mellora.

Seguir apostando por servizos para a xente maior e onde cada vez no noso municipio son máis e aumentan as que viven soas, polo que se fai necesario para que a veciñanza siga tendo unha vida plena. Servizos como por exemplo os comedores sénior, a asistencia domiciliar e de tele-asistencia fanse moi necesarios e de rápida solución para as familias.

Temos de facer un censo do número das persoas maiores que viven soas, para poder axudar no que puideran precisar e ter comunicación diaria con elas, así como na medida do posible crear grupos de relación entre as persoas maiores para que non se sintan esa soidade, e reverter a morte en soidade tan habitual nos nosos días.

De mesmo xeito temos de atraer persoas á cidade, á vida que nos gustaría ofrecer en Ferrol, onde terán un papel protagonista as persoas migrantes e a xente nova. Presentar a Ferrol como unha cidade urbana e rural, cun medio natural potentísimo, con servizos mellorados e apostas de mellora na calidade de vida podería atraer poboación para no noso territorio.

Actualmente o servizo de Asistencia no Fogar (SAF) está a xerar problemas tanto nas usuarias como nas traballadora polas precariedade do servizo en mans de empresas que só ben un nicho de mercado neste servizo esencial do concello.

Faise necesario dar un servizo adecuado, un servizo que garanta a súa boa prestación e ao mesmo tempo para as traballadoras ter traballo digno e sen precariedade. Debido a que este servizo é esencial para a cidadanía é que temos que apostar decididamente por un SAF remunicipalizado.

## Vivenda

Un dos principais factores que inciden na pobreza é o acceso a vivenda, e por tanto, un dos elementos chave que contribúe a erradicala é garantirlle á poboación o seu acceso.

En Galiza os porcentaxes de vivenda pública están moi por debaixo da media da UE e non hai política de vivenda sen vivenda pública.

A pesar disto na actualidade a construción de vivenda protexida tense paralizado produto de que os Plans Estatais de vivenda deixaron de financiar este tipo de promocións desde o último Plan Estatal de vivenda de 2008\_2012 desenvolvido a través do decreto 402/2009 en Galiza.

Por tanto, nos concellos galegos existe un déficit estrutural de vivenda social e o certo é que sen unha forte intervención pública, non é posible xerar urbanizacións alcanzables de forma permanente. Fanse por tanto necesarios moitos máis recursos para a dotación de vivenda alcanzable para alugar e resolver un dos grandes problemas da poboación na actualidade.

Por outra parte é necesario abordar o desenvolvemento deste parque de vivenda social pública desde unha perspectiva ampla dado que ter unha mestura de modelos de vivenda (diferentes niveis de accesibilidade, diferentes tenencias de vivenda, diferentes provedores) da lugar a unha mestura social que pode ofrecer oportunidades para todos e todas.

A cidade de Ferrol ten unha gran potencialidade a contar cunhas condicións excepcionais para se converter nunha cidade extraordinaria e cun gran atractivo para vivir nela dende o punto de vista medioambiental.

Esta gran potencialidade dáse por que Ferrol ten un dos patrimonios construídos máis importantes de todo o país, e nos que habería que traballar dende dous eixos: en primeiro lugar porque a nosa cidade conta cun parque público e municipal de 1000 vivendas como é o barrio de Recimil no corazón mesmo da cidade e que nos permite definir a nosa política de vivenda sobre a base dun patrimonio xa construído. E en segundo lugar porque a cidade ten un 27'8% de vivenda infrautilizada, baleiras ou cun uso secundario.

Temos unha materia prima que debemos utilizar e apostar por dar acceso a vivenda as necesidades dos usuarios, xa que o barrio de Recimil hai que deixar de consideralo un lastre para apostar por un proceso de adecuación das vivendas ás necesidades actuais das persoas para fomentar ese uso diverso dos usuarios (familias, xente nova, traballadoras, persoas maiores...) Rehabilitación que se fará dende a habitabilidade, a accesibilidade, funcionalidade, adecuando interiormente as vivendas así como acometendo a mellora dos espazos exteriores do barrio.

Para que o barrio de Recimil recupere a súa diversidade é importante apostar tamén pola rehabilitación do mercado como eixo fundamental e transversal desta recuperación, apostando polo uso comercial máis tamén por ser un centro de reunión e punto de encontro da veciñanza.

Por todo isto é que dende o BNG de Ferrol propoñemos:

- Adicar un 2'5% do orzamento municipal para a rehabilitación e adecuación do parque municipal de vivendas.
- Crear unha bolsa de vivenda baleira na que o Concello sexa o intermedario e garantir un acceso á vivenda accesible a todo o mundo.
- Rehabilitar e recuperar a vivenda infrautilizada (27,8%) da cidade
- Mellorar a accesibilidade e a habitabilidade das vivendas e adaptar funcionalmente as 1.000 vivendas do barrio de Recimil ás necesidades actuais das persoas.

## Ensino

Dende o BNG entendemos que o Ensino non só é un dereito fundamental e tamén una oportunidade de formación e non só das persoas, senón tamén dunha sociedade democrática, igualitaria, inclusiva e participativa .

Aínda que a competencia a nivel educativo non é municipal, como Concello debemos esixir á Consellería de Educación o apoio e impulso necesarios para que as nosas crianzas e mocidade poidan ser receptoras dun ensino público e de calidade.

Neste sentido, o contacto directo coas AMPAS e coa representación sindical e estudantil, será imprescindible para ter en conta as necesidades que amosa o corpo docente e o sistema educativo no concello. De estarmos gobernando a nivel municipal levaremos a cabo as seguintes accións:

- Poñer a andar o Consello Escolar Municipal para que deixe de ser un organismo baleiro e que este se convirta nun organismo dotado de capacidade de decisión, vínculo entre as solicitudes educativas municipais e a Consellería e elemento de apoio para a comunidade educativa da nosa cidade.

- Impulsar o servizo de comedor escolar de calidade en todos os centros públicos, incluíndo o servizo de almorzos e esixindo da Consellaría de Educación a asunción da súa responsabilidade.
- Promover a apertura dos centros educativos fóra do horario lectivo coa proposta de actividades extraescolares e de lecer gratuítas organizadas desde o Concello, para así permitir as familias compatibilizar os horarios laborais cos escolares.
- Impulsar un servizo de comedor no período de vacacións para que moitos nenos e nenas do noso concello poidan ter unha alimentación mínima.
- Tendo en conta o difícil que resulta no noso concello poder atopar alumnado que se comunique en galego, é necesario fomentar o uso do noso idioma nos centros educativos a través de actividades atractivas para elxs e que axuden a normalizar o galego dentro e fóra do ámbito educativo.
- Crear unha rede de acompañamento escolar para un camiño escolar seguro e mellorar a atención do rural con máis frecuencias de autobuses para o transporte escolar.
- Partindo das necesidades e recortes que está a sufrir o ensino público - desaparición de unidades en Educación Infantil e Primaria, ausencia de mantemento ou construción de infraestruturas, perigo de desaparición da modalidade presencial para a educación de persoas adultas-; desde a institución municipal, e tendo en conta as peticións do alumnado, profesorado e AMPAS, apoiarémolas e teremos unha actitude propositiva e activa ao compartir obxectivos.
- Impulsar a creación dunha Oficina Municipal de información e xestión dende a que se leven todos os asuntos relacionados coa educación, en todas as etapas educativas, dende Infantil ata a Universidade; incluíndo a información sobre tramitación e requisitos para a convalidación da experiencia profesional por titulación oficial. Esta nova Oficina Municipal terá información de primeira man para a reclamación de ampliación de prazas nas Residencias Universitarias da Cidade.

## Sanidade

O BNG demandaremos publicamente a paralización e retirada de todas as actuacións que redunden na precarización e privatización do sistema público de saúde, definir e executar unha política municipal baseada na prevención das situacións que poidan incidir negativamente na sanidade; así como, de forma subsidiaria, establecer mecanismos protectores. Evitar a derivación de CUSTOS PRIVADOS cara á sanidade pública. Así como tamén o requirimento á Xunta de Galicia para a supresión das axudas e concertos sanitarios, optimizando o uso da infraestrutura e os servizos públicos de saúde.

Demandaremos á Xunta de Galicia mellorar o funcionamento das condicións da Atención Primaria: apoio á dotación de persoal, limitar a sobrecarga de axendas e as horas de dedicación laboral como medio de protección da saúde do persoal sanitario e da atención á poboación.

Ademais demandaremos servizos que acompañen as características da nosa cidade:

- Creación dun centro de estudo e diagnose temperá de enfermidades de orixe laboral, en particular a ASBESTOSE.
- Reclamar o soterramento das liñas de Telefonía e Alta Tensión, coma as de Santa Mariña ou de Caranza.
- Mellora da accesibilidade aos centros hospitalarios; e nomeadamente os acesos ao ambulatorio Fontenla Maristany.
- Reclamación do pleno funcionamento do Hospital Naval.
- Estimular e potenciar a lactancia materna: a través de charlas orientativas para futuras nais e pais, ofertando toda a información que lles permita tomar as súas propias decisións ao respecto, e levalas a cabo. Necesítase dotar de puntos de encontro adaptados para nais con bebés lactantes, nos que compartir experiencias co fin de garantir o suceso de aleitamento.
- Programa de Saúde Mental Infantil (0-6 anos), dende o BNG apoiaremos que se dote do financiamento a ASPANEPS polos servizos que vén historicamente prestando, actualmente en coordinación co Sergas.



- Dotación da Unidade de Saúde mental infanto-xuvenil de persoal especialista en saúde mental naquelas especialidades en que existe a formación sanitaria especializada e certificada correspondente.
- Crear unha Unidade de hospitalización psiquiátrica infanto-xuvenil con persoal formado especificamente, para evitar ter que recorrer ás camas de pediatría, con formación xeral, inadecuada nestas situacións de especial vulnerabilidade.
- Aumentar a dotación de persoal das Unidades de saúde mental que evite a necesidade da poboación de acudir a centros privados para recibir atención de forma áxil e coa frecuencia adecuada.
- Estudar desde as características demográficas e sociais concretas da poboación de Ferrol así como das súas dificultades físicas de acceso, as súas necesidades diferenciais en atención sanitaria e social e demandar ao Sergas a dotación de especialistas adecuados (medios humanos e dispositivos). Abordar os factores sociais que inciden na saúde mental sen cuxa resolución a atención sanitaria é claramente insuficiente.
- Demandar para a área sanitaria unha Unidade de enfermidades autoinmunes con engrenaxe multidisciplinar, patoloxías complexas con gran prevalencia na poboación (“a reuma”) e con grave repercusión funcional. Actualmente atendidas desde Reumatoloxía e outros especialistas segundo van aparecendo síntomas que se abordan de forma illada a pesar de responder a unha mesma patoloxía.
- Creación centro municipal de información dos Dereitos Sanitarios recollidos na Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia.
- Xornadas de educación sanitaria: promoción da autonomía dos pacientes, desterrar o modelo paternalista dentro da Sanidade, concienciación do uso responsable da atención sanitaria, dar a coñecer o catálogo de servizos a disposición dos usuarios...
- Redacción da nova ordenanza de Antenas de Telefonía e Ondas Electromagnéticas, atendendo a criterios de Saúde Pública fronte a criterios de LUCRO PRIVATIVO

## Mocidade

Desde o BNG de Ferrol entendemos que debe haber unha conexión directa entre a mocidade e o concello ao entender que este colectivo representa o futuro da cidade e que a permanencia deste é central nas políticas levadas a cabo.

O proxecto do BNG neste concello dará prioridade absoluta á implantación de políticas que fagan tornar a mocidade que se viu obrigada a deixar Ferrol nos últimos anos e que impidan que máis xente nova o teña que facer. Ademais potenciarase un ocio social e accesíbel xerando espazos para a xente nova e unhas relacións de beneficio mutuo coa veciñanza a través de iniciativas culturais e voluntariado. Entre as medidas urxentes para traballar nesta dirección, sinalamos as seguintes:

- Prevención do suicidio e acoso escolar
- Creación dun servizo de atención psico-social que axude no ámbito da xestión emocional e a prevención suicidio.
- Traballar na prevención do acoso escolar dentro e fora das aulas. Crear un servizo de asesoramento no que se preste especial atención ao ciberacoso e aos ámbitos nos que os especialistas de centros de ensino teñen dificultade para chegar.
- Asesoramento no crecemento persoal e laboral
- Organización de obradoiros de concienciación e redución de riscos (saúde sexual, prevención no consumo de drogas, acoso escolar e en redes...).
- Creación dun servizo de asesoramento para a emancipación e o emprendemento. Información legal, dereitos laborais, mellora da empregabilidade, procura de vivenda a un prezo asumíbel...
- Apoio ao emprendemento da mocidade a través do acompañamento, as facilidades no traspaso de negocios a xente nova, a creación de viveiros de empresas locais, a simplificación dos trámites administrativos...
- Creación de bolsas destinadas a titulad@s superiores, para executar proxectos de especialización, exportación e innovación da economía local.

- Plan de retorno da xente moza emigrada. Conxunto de medidas que favorezan a procura de emprego e vivenda a distancia nunha rede de empregabilidade local.
- Formación permanente e voluntariado
- Creación de obradoiros de formación permanente e preparación para o emprego. Oferta de formación pública e de balde para mellorar a empregabilidade da mocidade.
- Rede de voluntariado e posta en contacto con asociacións comarcais. Creación de espazos de traballo e asociación. Coordinación por parte do concello para garantir actividades de voluntariado que non respondan a necesidades económicas de empresas ou substitúan postos de traballo. Neste sentido poderíase dar este uso a edificacións abandonadas que hai no concello para cumprir así dous obxectivos: a restauración de inmobles e a dotación de espazos para uso laboral ou asociativo para quen o precisar.
- Ocio social e accesíbel
- Creación dunhas instalacións con locais de reunión e ensaio con alugueres asumíbeis polas entidades culturais, musicais e deportivas do municipio.
- Propostas de actividades culturais para a mocidade e promoción da cultura entre a xente nova.

### **Acción feminista**

Desde o BNG de Ferrol queremos promover a igualdade entre mulleres e homes a través dunha mudanza de valores, rachando co modelo de socialización sexista e promovendo un modelo de relacións simétricas. Queremos construír unha cidade dende a perspectiva de xénero e a igualdade, con espazos seguros para vivir libremente e sen medo, cunha planificación urbana coa que poder transitar de forma segura.

O patriarcado sempre innovador creou novas formas de opresión menos visíbeis que a violencia machista. O menosprezo as loitas e reivindicacións feministas,

afirmar que existe unha igualdade real entre homes e mulleres contribúe a que se invisibilizen as desigualdades que existen en todos os ámbitos sociais.

Dende o ámbito local é onde podemos traballar máis directamente no eido feminista para incidirmos directamente nas desigualdades que sofren as mulleres e todas aquelas persoas que non se axustan a norma preconcebida.

Precisamos políticas que poidan paliar as consecuencias do sistema patriarcal; políticas de igualdade que deben de ser extensíbeis a todas as esferas sociais, que contén con un maior orzamento e que aposten por unha transversalidade de xénero.

Elaboramos as seguintes propostas de acción política municipal en tres eixos:

### **SOCIOECONÓMICO**

Queremos implementar a perspectiva de xénero en todas as políticas públicas

- Elaboración dos orzamentos municipais con perspectiva de xénero.
- Incrementar os orzamentos para igualdade.
- Desenvolver políticas que visibilicen o traballo doméstico, reprodutivo e dos cuidados como un traballo imprescindible para permitir a súa compatibilidade co traballo remunerado.
- Crear espazos de cuidado para nenos e nenas nos edificios municipais e dispoñer de persoal para esta tarefa durante a realización de actividades institucionais.
- Redacción dun plan Laboral Integral que fomente os dereitos laborais que erradiquen a precariedade laboral e a fenda de xénero (especialmente para as mulleres en risco de exclusión social).
- Creación de servizos municipais de traballo de cuidados (nenos e nenas, maiores, dependentes, tarefas de limpeza e mantemento do fogar) a través de persoas en situación de desemprego, contratadas directamente polo concello.
- Priorizar na contratación municipal as empresas que contén con plans de igualdade e políticas activas de conciliación familiar.

- Habilitar espazos públicos para aleitar.
- Redacción non sexista da documentación administrativa do concello.
- Promover campañas de sensibilización dirixidas a diferentes colectivos para incentivar a corresponsabilidade de todas as persoas nas tarefas de reprodución e coidados.
- Impulsar redes de apoio e intercambio (banco de tempo, acompañamento a escola...).

### **EMPODERAMENTO**

As mulleres deben ser protagonistas da historia persoal e colectiva. O acceso a información, a educación, a espazos de participación farán posíbel un cambio de valores.

- Rachar co ritualismo de moitas campañas conmemorativas das datas que lembran a loita das mulleres para ir de verdade ao centro do problema, con propostas e mensaxes arriscadas e novas, que peten na conciencia colectiva, nomeadamente no 8 de marzo e no 25 de novembro.
- Recursos de persoal e equipamento na Casa da muller para que colectivos e asociacións poidan xerar actividades.
- Fomentar a participación de mulleres en foros públicos de debate e garantir o equilibrio entre as persoas participantes.
- Incluír formación sexoafectiva nos programas e actividades dos centros cívicos e educativos dos barrios.
- Dar información, apoio e alternativas as mulleres que desexen interromper o embarazo.
- Visibilizar os logros acadados polas mulleres da nosa cidade (a través de distincións, patrocinio, nomes de rúas...).
- Impulsar formación en novas tecnoloxía a mulleres idosas para minimizar a fenda dixital.
- Talleres de xénero en centros de ensino para traballar roles e estereotipos tradicionalmente marcados pola hetenormatividade. Escoller con liberdade a identidade de cada persoa e a súa opción sexual é un dereito fundamental.

- Implementar políticas de xénero nas institucións municipais que fomenten a tolerancia cero a discriminación por razón de xénero ou tendencia sexual.
- Os coidados son unha actividade necesaria en tódolos núcleos familiares que adoita recaer nas mulleres impedindo o seu desenvolvemento profesional, social e persoal. É necesario crear un servizo de canguraxe para favorecer a conciliación, en especial en persoas ou familias con maiores dificultades - monomarentais, monoparentais, numerosas, migrantes, violencia de xénero- .
- Do mesmo xeito, nos períodos non lectivos do ano haberá a opción de campamentos dende o primeiro día non lectivo, con opcións de actividades diversas, plurais e dende a coeducación para os gustos das crianzas, así como actividades que promovan o deporte, os xogos tradicionais colectivos...

## LOITA EN CONTRA DA VIOLENCIA DE XÉNERO

As violencias machistas son as que se exercen contra as mulleres por ser mulleres. Estas, como calquera acto de violencia baseado no xénero, ten como resultado danos físicos, sexuais e ou psicolóxicos nas mulleres, incluíndo as ameazas, coacción e a privación arbitraria da liberdade, tanto na vida pública como na privada.

A violencia machista é unha violencia que suscita moito rexeitamento social, pero aínda queda moito por facer, temos que visibilizar e falar de todo tipo de violencias e de todos os corpos que a sofren. A homofobia, lesbofobia e transfobia son consecuencia da sociedade sexista na que vivimos. Queremos unha cidade libre de violencias tanto en espazos públicos como privados.

É responsabilidade de todas as administracións públicas dotar de recursos na loita contra a violencia machista, tanto para erradicala como por axudar na recuperación das mulleres e crianzas que as sufriron. Neste sentido presentamos as seguintes iniciativas:

- Tratar estas agresións como violencia estrutural e non como casos particulares ou illados.

- Crear grupos de atención integral as vítimas.
- Mellorar a dotación económica e en persoal do CIM municipal, para poder ofrecer un servizo de calidade a todas aquelas mulleres e rapazas que o precisaren. A atención psicolóxica e legal, entendidas como recurso fulcral en materia de prevención e mesmo de atención directa e integral ás vítimas de violencia de xénero, serán elementos base para o traballo desenvolto desde este organismo municipal.
- Impulsar e poñer a funcionar todos aqueles organismos de carácter municipal que defendan a igualdade entre mulleres e homes e dean resposta ás necesidades das primeiras. Non se pode aceptar a inoperancia e ausencia de participación real que até o momento tivo o Consello Municipal da Muller.
- Difundir campañas de responsabilidade cidadá ante agresións machistas.
- Elaborar actuacións e campañas de prevención e sensibilización de relacións abusivas dirixidas especialmente a homes e nenos de todas as idades
- Realizar formacións específicas en violencia machista de maneira continuada para os e as traballadoras públicas, especialmente nos corpos de seguridade.
- Interperse o Concello como acusación en casos de asasinato de mulleres por mor de violencia machista.
- Implementar formación sexo-afectiva continuada nos programas educativos desde a etapa inicial ata bacharelato dos centros educativos.
- Dar servizos e recursos específicos para a detección e recuperación das mulleres e crianzas que sufriron violencia machista, alongar estes servizos ás necesidades das usuarias.
- Comprometer ó concello a non traballar con empresas que vulneren os dereitos das mulleres.
- Protocolo de actuación local involucrando a representantes do ensino, saúde, servizos sociais concello, asociacións, movemento feminista e policía.
- Proporcionar un servizo de asesoramento xurídico para as mulleres, coa participación activa de todos os colectivos implicados.
- Prestación económica de emerxencia para posibilitar a autonomía das vítimas.



- Entendendo que a linguaxe debe ser un elemento que amose igualdade social, integrar a perspectiva de xénero nas políticas municipais, en todos os programas, actuacións, documentos será central para nós. Esta visión tamén será obrigatoria para aquelas empresas que dependan do Concello.

### **Diversidade, garantía de igualdade**

O concello de Ferrol debe ser vangarda na loita contra as desigualdades e discriminación por orientación afectiva e sexual, identidade e expresión de xénero, debendo traballar para garantir a todas as persoas o dereito a vivir totalmente libres de violencia e opresión. Por iso, é importante incorporar a perspectiva da diversidade emocional, sexual e de xénero na axenda política do municipio e na acción política municipal.

Seguindo estes obxectivos cremos que é necesario prestar apoio desde o concello ao tecido asociativo, poñer en marcha equipamentos e servizos específicos, fomentar a formación, e levar a cabo medidas de loita contra a discriminación.

As políticas municipais LGBT deben impregnar o conxunto de actuacións que desenvolven os concellos co obxectivo de repercutir máis aló do propio colectivo, xa quea súa implantación supón un beneficio para toda a sociedade. E para garantir esta transversalidade cómpre situar estas políticas no centro da acción de goberno. As propostas do BNG de Ferrol neste eido son:

- Elaborar o plan local LGBT, e a constitución dunha comisión interdepartamental municipal para garantir a súa implantación e avaliación.
- Incorporar a perspectiva LGBT nos principais plans e programas municipais, para garantir a transversalidade destas políticas.
- Fomentar a educación en tolerancia e inclusión dende a infancia a través das escolas.
- Elaborar un plan de traballo e formación dos docentes no tratamento de casos de acoso relacionados coa sexualidade e a identidade de xénero do alumnado.
- Apoiar, fomentar e dinamizar o asociacionismo LGBT do municipio.

- Conmemorar, desde os concellos, xornadas relacionadas co colectivo LGBT como o 31 de marzo (Día da Visibilidade Trans), 26 de abril (Día Internacional da Visibilidade Lésbica) 17 de maio (Día Internacional contra a LGBTfobia), 8 de xuño (Día da Visibilidade Lésbica Galega), o 28 de xuño (Día Internacional do OrgulloLGBT), 23 de setembro (Día da Visibilidade Bisexual), 20 de novembro (Día da Memoria Trans).
- Garantir unha política de comunicación local inclusiva coa diversidade sexual e identidade de xénero.
- Garantir que a información municipal (formularios e rexistros) se adapte a diversidade familiar e de identidade de xénero.
- Impulsar un servizo municipal comarcalizado de asesoramento, orientación laboral e apoio LGBT.

## Deporte

A promoción da práctica deportiva contribúe para fomentar hábitos de vida saudábeis entre a poboación, constitúe unha alternativa no tempo de ocio que facilita o contacto entre veciñas e veciños, o coñecemento das realidades máis próximas e fomenta valores de esforzo, respecto e amizade.

Desde o concello de Ferrol apoiarase a práctica deportiva popular, con inclusión da perspectiva de xénero e priorizando a democratización e fomento do deporte para todas as idades e con diferentes capacidades, abrindo totalmente as portas das infraestruturas deportivas e fomentando por igual todas as modalidades deportivas.

Nese sentido, desenvolveremos as seguintes liñas de actuación:

- Realizar un censo das instalacións deportivas públicas, municipais e comarcais, para optimizar o seu uso así como tamén facer un estudo sobre o estado actual de cada instalación e comezar a reverter a súa precaria situación.
- Habilitar para a práctica deportiva espazos naturais, rurais e urbanos, respectuosos co ambiente, para dar impulso ás actividades deportivas

populares e masivas ao ar libre, a través da elaboración de proxectos deportivos para toda a poboación e da utilización das cidades como espazos onde a práctica do deporte poida ser un feito cotián a través de rotas deportivas urbanas, ou que ben poden encadrarse nos espazos abandonados de defensa.

- Fomentar a practica deportiva a través das creación de equipos base saídos dos centros educativos, así como tamén facer programas cos centros educativos especiais para o fomento do deporte inclusivo.
- Impulsar a optimización das infraestruturas dos centros educativos para a súa utilización fóra do horario lectivo, en colaboración coa administración educativa e co tecido asociativo deportivo para fomentar a participación de equipos escolares nas diferentes competicións dos deportes locais.
- Procurar o uso social e masivo das instalacións deportivas, fomentando o uso destas no horario de mañá as entidades sociais e de barrio.
- Dar impulso ás actividades deportivas populares e masivas ao ar libre, a través da elaboración de proxectos deportivos para toda a poboación e da utilización das cidade como espazo onde a práctica do deporte poida ser un feito cotián a través de rotas deportivas urbanas.
- Habilitar espazos como lugar de encontro socio-comunitario promocionando os xogos populares (como ra, petanca, estornela...) e os parques biosaudables para promover a práctica deportiva ao aire libre da xente maior.
- Debido a desaparición no 2012 do PADROADO DE DEPORTES DE FERROL, crearemos unha infraestrutura ou ente xestor fundamental que garanta a xestión e mantemento das instalacións deportivas do noso concello, así como facilitar o traballo diario das e coas entidades deportivas.
- Fomentar e difundir o deporte adaptado en tódalas categorías., así como tamén facer cumprir que todos as infraestruturas deportivas teñan un acceso adaptado.
- Dotar a Ferrol de novas instalacións, onde non se poida reparar ou mesmo ampliar as actuais. (Campo de rugby, pías de Caranza e a Malata, pistas de atletismo da Malata, pavillónsFimo, pavillón da Malata, pantalán na enseada

da Malata, pistas de tenis e paddel...). Así mesmo recuperar espazos para o deporte como o campo de fútbol do barrio de San Xoán.

Como na actualidade a concesión da piscina da Malata está caducada, chegou o momento de que o concello reverta a situación actual e se municipalice a xestión para poder facer uso da instalación cando estime necesario e poida implementarse lámina de auga para diversos programas deportivos.

### **Novas instalacións.**

Parque natural de uso deportivo que inclúa circuíto de bicis, carreira e paseo, zonas de xogos tradicionais, pista de patinaxe, monopatín, pista multideporte, pía de recreo descuberta...

Piscina olímpica cuberta, que poida albergar campionatos con alta participación.

Campo de rugby con zona de adestramento e vestiarios.

Debido a alta demanda e posta a punto das instalacións deportivas e sabendo que o concello ten un orzamento limitado para a creación destas novas instalacións, farase necesario implicar ao resto de administracións como Deputación, Xunta e estado.

#### 4. FERROL ORGULLOSO

##### O galego, central na nosa cidade.

Tendo a situación sociolingüística que estamos a vivir a nivel galego, e concretamente en Ferrol, será máis preciso que nunca que, como Concello, sexamos unha entidade promotora da normalización lingüística do noso idioma. Por iso, entenderase como un obxectivo principal desta corporación o uso do galego en toda a acción municipal, dirixíndose aos diferentes sectores que compoñen a nosa cidade -mocidade, promoción económica, urbanismo, cultura, ensino, mocidade, funcionariado...-.

Neste sentido, levaranse a cabo as seguintes accións concretas:

- Potenciación da área política de normalización lingüística, aumentando o seu orzamento e entendendo que todo o traballo municipal será atravesado por unha visión de reforzo do uso e prestixio do galego.
- Desenvolvemento de actividades concretas en galego dirixidas ás diferentes etapas vitais.
- Intensificación na colaboración con entidades sociais - ANPAS, centros de ensino, asociacións veciñais, sectoriais, etc.- para multiplicar as accións de fomento do uso da lingua galega.
- Cumprindo coas normas aprobadas polo Concello de Ferrol -Ordenanza Municipal de Normalización Lingüística de 1997 e o Plano de Normalización Lingüística de 2003 e en relación aos usos do noso idioma; garantirase, de forma inmediata, a utilización do galego en toda a documentación municipal, nos rúeiros ou na atención á veciñanza.
- Incentivar o emprego do galego por parte de empresas e negocios mediante rebaixas fiscais ou calquera outra medida económica e/ou recoñecemento.
- Dinamizar os órganos de participación - Consello Sectorial da Lingua- nos que procurarmos a implicación dos distintos colectivos, entidades e persoas interesadas no deseño e aplicación da política de normalización.

## Cultura

### **Unha política cultural aberta, con identidade galega e universal para todo Ferrol**

Garantiremos e faremos seguimento para acadar unha transparencia na toma de decisións e na planificación cultural, acompañadas sempre de participación aberta e democrática. As ferramentas utilizadas para este fin serán o Consello Municipal de Cultura e un reforzo de axentes e de profesionais do sector, acompañando esta xestión dun aumento no investimento en cultura como dereito para o conxunto do pobo de Ferrol.

A identidade galega atlántica e universal como feito natural e en conexión co mundo dan valor ao proxecto político do BNG para Ferrol, así como unha acción cultural que escoite e conecte co dereito de acceso e gozo da cultura para todos e todas nun sentido amplo e global; tanto no rural como no urbano e coa autoestima e a retención do talento en mente, atenderemos a diversas idades e campos artísticos.

Apostaremos por crear unha planificación cultural para as persoas, barrios, sectores, idades, perspectivas e situacións diversas, etc. Traballaremos para superar a idea de cultura como programación de grandes espectáculos para ofrecer un amplo abano de identidade e participación. Iremos desde a música de raíz ata a industrial, das artes plásticas ao audiovisual, da danza ás das artes escénicas e ao teatro afeccionado ás escolas teatrais, do público espectador ao creador de audiovisual, etc. Sempre desde unha perspectiva de contemporaneidade e atendendo a todo tipo de públicos, atendendo á carencia de oferta para o público máis novo.

Dignificaremos a identidade diversa da nosa cidade, que é obreira, industrial, tradicional, medieval, racional e universal. Referentes como Carvalho Calero marcarán o noso paso cunha porta aberta ao mundo da galeguía e lusofonía por todos os continentes e de volta a Galiza con naturalidade identitaria.

### **En conexión coas artistas locais, a comarca e con Galiza**

Promoveremos as industrias culturais ferrolás e comarcais en diálogo co conxunto das industrias culturais do País, especialmente nos ámbitos do audiovisual, da arte industria, das artes escénicas (teatro e danza), da edición, música, artes plásticas e investigación, co apoio e soporte da parte dos Concellos. A conexión co tradicional e popular en diálogo coas novas tendencias estará presente nas diversas propostas.

Mellorar, dignificar e impulsar bibliotecas públicas integradas na Rede de Bibliotecas de Galiza, que inclúan tamén as parroquias e os barrios. Da man do traballo ao redor das bibliotecas estará o apoiar o libro galego e as publicacións periódicas e diarias en lingua galega.

Divulgar, apoiar e fomentar a cultura audiovisual, con especial atención á galega. En Ferrol contamos co privilexio de ter cines alternativos ao comercial sobre os que pode medrar o universo audiovisual de persoas afeccionadas e profesionais.

Promover a arte de toda natureza, tanto na creación como no desfrute e aprendizaxe. Actividade da obra plástica de artistas ferrolás e galegos, tanto desde unha perspectiva histórica como actual.

Conectar todo o noso traballo nun diálogo e traballo colaborativo co conxunto da comarca para coordinar e potenciar iniciativas supramunicipais nas que equilibremos unha comarca rica en oferta cultural próxima de todo tipo. Dinamizar, en definitiva, a conexión con Galiza e coa Comarca en todos os ámbitos.

### **Máis recursos para o traballo de planificación cultural coa participación como único camiño**

Coa idea de cambiar o foco concibindo á poboación non só como consumidora senón tamén como partícipe, incrementaremos os recursos humanos e materiais dedicados a Cultura, con planificación participada, variada e accesible.

Traballaremos para romper inercias limitadoras de habituais e acomodadas accións culturais e daremos cabida ás diversas propostas do conxunto de axentes, especialistas e poboación xeral por medio dunha participación ordenada e profesional.

Dignificaremos e facilitaremos espazos que promovan a convivencia das expresións culturais e todo este universo tradicional e actual que segue a reinventar e actualizar as nosas tradicións.

### **Algunhas posibles liñas destacadas:**

As liñas prioritarias irán sempre no camiño de proxectar diversos elementos que dignifiquen a identidade da cidade, o que fai destacar a Ferrol, o que potencia a cidade e a zona rural en si mesmas. Sempre con conexión co contemporáneo, a participación, a introdución de propostas novas e de mantemento das que xa funcionan con diálogo coa Comarca e o País.

- **tradi conectado con hoxe**

Potenciar e dar voz e visibilidade ás Festas populares da cidade, dos seus barrios e parroquias. Co apoio á presenza permanente de manifestacións da cultura nacional e popular, de contidos culturais e musicais na nosa lingua e dos nosos símbolos, promovendo a presenza da bandeira galega nas celebracións populares.

Conectar a cultura máis tradi de base, con Coros de renome, Asociacións, Novas apostas e tamén co máis recente na cultura tradicional que na actualidade é referente.

- **Ferrol Porto de Mar, da lusofonía, de Carvalho Calero e do Universal**

Aproveitar a existencia do reclamo da figura de Carvalho, da necesaria recuperación da súa casa natal, do traballo ao redor da súa figura para proxectar o potencial da cidade desde o noso Porto e en conexión coa lusofonía como xanela ao universal desde o galego e propio.

### **Mulleres na memoria e identidade cultural**

Promover a identidade obreira, a participación das mulleres desde tempos inmemoriais, tanto no popular como no erudito: carboeiras e loitadoras sociais, escritoras. Desde a Revolta das Pedradas a Concepción Arenal ou Sofía Casanova, pasando polo contacto da Cidade coa fundación da Real Academia Galega co



propio Fontenla Leal e as numerosas mulleres a ela asociadas a ela, entre elas Sofía Casanova.

Activar a acción positiva en todas as liñas de traballo posibles que se poidan impulsar desde o Concello: desde a arte industria até o audiovisual, pasando pola música, as artes plásticas ou as artes escénicas.

### **Mocidade e cultura**

Poñer en diálogo ese herdo obreiro, vangardista e contestatario coa busca de referentes culturais da mocidade, desde a arte industria ata o cinema ou a fusión de diferentes expresións artísticas.

Promover a xeración de axendas culturais nas que haxa cabida para a participación da mocidade no concello, planificada, participada e executada coa propia mocidade e con medidas e programas que favorezan a vida moza nos concellos e a retención de talento.

### **Patrimonio histórico**

Referente ao patrimonio histórico e paisaxístico na nosa cidade hai un completo desleixo cara el e o noso rural. Deste xeito faise necesaria a ordenación e posta en valor do noso riquísimo patrimonio histórico e paisaxístico destacando:

- Castro de Lobadiz
- Igrexa de Santa Comba
- Chamorro e os seus petroglifos.
- Castelos San Carlos e Viñas.
- Baterías da Costa: Prioriño, Monteventoso, Campelo, Anca, Chamorro, Montefaro.

Así como tamén promover rutas e xornadas de coñecemento da nosa historia dende todas as ópticas, así como tamén seguir a potenciar o Modernismo na cidade, non como feito isolado e xenuino de Ferrol senón tamén vinculado a un pensamento que se unia co resto do país e Europa.

No que respecta ao recoñecemento internacional da candidatura de Ferrol Patrimonio da Humanidade, compre a constitución do Ente Xestor e demandar a Xunta de Galiza e o Ministerio de cultura a realización de todas as xestións da súa competencia para a UNESCO contemplar a declaración de PATRIMONIO DA HUMANIDADE.

## Memoria histórica

O concepto de 'memoria histórica' ten para o BNG un sentido amplo que abrangue a defensa dos dereitos humanos e a recuperación, valorización e difusión da historia do noso país, que non remata tampouco no momento en que se reforma o réxime franquista con especial atención aos movementos sociais e políticos que contribuíron para conformar a nosa identidade e conciencia nacional.

Cómpre, por tanto, apoiar desde os concellos todas aquelas actividades que contribúan a deitar luz e a divulgar aspectos do noso devir histórico, fundamentais para mellor recoñecérmonos como pobo.

Entre outras, tomaríanse as seguintes medidas:

- Manter e dar cobertura a unha Mesa da memoria histórica froito da comisión pro-memorial nestes últimos anos.
- Fomento da investigación da historia local como xeito de favorecer conciencia nacional.
- Eliminación da simboloxía e do rueiro alusivo ao golpe de Estado e á ditadura franquista.
- Programa de posta en valor da nosa memoria nacional.

## Turismo

No BNG vemos ao sector turístico como un dos que poden axudar a redefinir e diversificar a actividade económica no noso concello dunha forma sustentábel e

transversal. O turismo ten un efecto multiplicador que provoca beneficios económicos moi repartidos na sociedade polo que entendemos que ten que ter unha especial atención na nosa acción municipal.

Unha actividade turística exitosa crea tamén unha sensación de maior autoestima na poboación. Axuda a querernos e estimarnos máis como ferroláns e ferrolás.

A política turística levada ata o de agora no Concello de Ferrol estivo definida pola improvisación, polas ocorrencias “de turno” máis ou menos afortunadas e por un deixarse levar por propostas externas case sempre interesadas e que tiñan un percorrido moi corto no tempo e moi limitados na súa efectividade.

Hai creada unha Empresa Municipal de Turismo participada no seu accionariado polo Concello e a Asociación de Hostalería. Limitada no seu organigrama funciona na práctica como un negociado máis do concello sen participación da parte privada nin dos axentes sociais relacionados. polo que sería bo facer unha reformulación desta sociedade que ven presentando eivas na súa xestión nos últimos tempos.

As oficinas de turismo, dependentes desta sociedade mixta, véñense outorgando a empresas que non xeran nin protexen o emprego de calidade, do mesmo xeito que non levan un control efectivo do bo funcionamento das oficinas, polo que faise necesario apostar pola xestión directa deste servizo.

Por outro lado, a xestión pública turística derivada dos xeodestinos aplicados pola Xunta como zonas de promoción conxunta está xestionado pola Mancomunidade de Municipios. Temos que racionalizar, potenciar e ampliar a infraestrutura dedicada á xestión, promoción e desenvolvemento do turismo.

A maiores das épocas de maior actividade turística que xa temos, o noso obxectivo é desestacionalizar facendo do turismo de eventos deportivos e sociais, así como de congresos e actividades profesionais unha liña de actuación principal, ou buscar a especialización dalgún nicho de mercado moi concreto que nos de visibilidade.

Cantas mais facilidades, asesoría, respaldo.... teñan as empresas/persoas da cidade adicadas ao turismo por parte da administración local máis empresas poderanse fixar na cidade.

As nosas propostas ou obxectivos son:

Crear unha canle de comunicación directa e continua coa Mancomunidade en canto a traballo conxunto na promoción de Ferrol Eume e Ortegal como xeodestino.

Dar participación activa aos representantes dos sectores implicados na elaboración e desenvolvemento da política turística.

Ferrol e a cabeceira dunha comarca e dun Xeodestino e como tal temos de traballar man a man con todos os concello.

E necesario a creación dun plan de formación, calidade e mellora continua para as empresas turísticas ou relacionadas co turismo do sector.

Creación dunha aceleradora de empresas turísticas pode ser o impulso que leva a practica a moita xente.

Aumento da calidade dos servizos turísticos competencia do concello: oficinas de Turismo, sinalética, etc. Creación dun cámping municipal.

Hai que por en valor dos recursos turísticos que temos e facer deles produtos turísticos atractivos que fagan do noso concello un destino diferente e de calidade.

Ofrecer unha actividade cultural propia e diferenciada que fixe turismo en épocas menos habituais

Enderezar o rumbo na xestión encamiñada a conseguir o recoñecemento de Patrimonio da Humanidade e facer dos elementos que pretenden este recoñecemento un produto turístico diferencial e único. Unha aposta seria e definitiva pola candidatura e necesaria.

Retomar a estrutura orixinal da Empresa Municipal de Turismo coa recuperación das dúas prazas de técnicos en turismo

## 5. FERROL SEN PRIVILEXIOS E CHEO DE OPORTUNIDADES

### Participación cidadá

O BNG fomentará as canles de Participación Cidadá, para dispor dun garante democrático de primeira orde: unha veciñanza capaz de influír nas políticas que lle afectan coma cidadanía. É no eido local onde a Participación Cidadá se ergue como peza fundamental para lograr unha xestión pública máis **demócrata**, eficiente, corresponsábel e lexítima.

As decisións participadas son as máis acaídas ás necesidades da poboación, pois incorporan o seu sentir, o seu debate e contraste; construindo colectivamente a solución aos problemas públicos.

Son decisións inclusivas, que achegan a voz e as diferenzas de diversos colectivos mediante a creación de espazos de encontro, no que a Cidadanía se suma aos responsables políticos/as e o persoal municipal para planificar a acción pública.

O Concello de Ferrol ten iniciado varios procesos participativos que se viron PARALIZADOS nos últimos anos sendo o proceso de Orzamentos Participativos o máis salientable.

O BNG quere poñer en valor a aprendizaxe desta experiencia, activando de novo aos axentes sociais para reiniciar un novo proceso que se ten abandonado nestes últimos anos.

Así, comprometémonos a impulsar a participación dos veciños e veciñas na Vida Municipal; tanto para elaborar Planos de Investimentos como Orzamentos Municipais e programas ou proxectos sectoriais e de servizos.

Un Programa de Acción Municipal a catro anos e un Plano Municipal de Participación serán as ferramentas que permitan desenvolver unha acción coordinada entre o Concello e o movemento asociativo.

Habitabilidade, benestar, información ao cidadán, comunicación, sostibilidade, deseño e xestión de espazos públicos son -por exemplo- temáticas e áreas que

demandan un grao importante de colaboración participativa con aportacións tanto por sectores como por distritos territoriais.

Desenvolveremos e actualizaremos o Regulamento de Participación Cidadá e así mesmo propoñemos a elaboración dun amplo estudo para a posta en marcha de medidas conducentes a que a Cidade de Ferrol poida ter unha mecánica real de elaboración participativa dos seus orzamentos.

### Administración municipal

Para o BNG a lexitimidade, a lealdade e a legalidade exixíbel á Administración Local, como a transparencia, a eficiencia, ou a apertura á cidadanía, pasan polo cumprimento e implementación de:

- Crear unha infraestrutura informática de calidade que sirva para achegar o Concello á cidadanía, facéndoo máis accesíbel tanto para as xestións administrativas, como para o acceso á información.
- Impulsar desde o Concello programas informáticos de código aberto que sirvan a súa vez de motor para a implantación na sociedade destes modelos mais democráticos e abertos.
- Desenvolver un programa de formación do persoal do propio Concello para o uso deste tipo de programas e substitución progresiva dos derivados de CÓDIGO PECHADO.
- Establecer como norma a transparencia na xestión económica e administrativa, a través da adecuada e puntual información á sociedade.
- Garantir que a Administración Municipal funcione como un verdadeiro servizo público, onde o primeiro é a atención correcta aos usuarios, e a disposición a solucionar os seus problemas, dentro da legalidade pero sen retrasos nin dificultades innecesarias, para o que se procurará a axilización de todos os trámites a cubrir.

As Administracións Públicas teñen a obriga de velar para que os recursos públicos sexan usados de acordo coa legalidade e se impida facer uso fraudulento dos

mesmos mediante calquera práctica especulativa, fraudulenta ou que conculque os dereitos das traballadoras e traballadores.

Asemade seremos especialmente coidadosos en velar polos dereitos laborais dos traballadores e das traballadoras; polo que hai introducir nos contratos a asinar polo Concello cláusulas sociais tendentes a que se aplique e cumpra o convenio colectivo en vigor e se respecten as obrigas salariais, se eviten atrasos nos pagos dos salarios aos traballadores e ás traballadoras.

Todo isto sen esquecermonos da importancia de manter abertos completamente e sen restricións ao público as dependencias da administración local, para unha maior e mellor prestación dos servizos, apostando por uns servizos presenciais para a cidadanía.

### Política orzamentaria

Parece obvio que en Ferrol temos un grave problema de diñeiro. A Ferrol úrxelle mellorar a súa capacidade de financiamento polo déficit estrutural de ingresos. As grandes empresas e as administracións públicas que deberían colaborar coa cidade non pagan os impostos que pagamos o resto.

- NAVANTIA só paga IBI por orde xudicial.
- EMAFESA non paga 1,4 M de euros ao ano pero nos cobra as taxas de auga e depuración.
- O Mº de Defensa non paga os impostos que lle obriga a lei por propiedades abandonadas nin tampouco compensa con un só euro á cidade por ocupar máis do 20% solo urbano gratuitamente.
- A Autoridade Portuaria non paga 0,7 millóns de euros ao ano de IBI polo Peirao Exterior.
- A Xunta de Galiza non paga impostos polo Hospital (nin o quere facer coa ampliación.)
- A Igrexa non paga un euro polos edificios que non están destinados ao culto, como vivendas ou aparcadoiros.

- Son millóns e millóns de euros ao ano que os ferroláns deixan de ingresar estes cartos e aínda así todos eles contan con auga, electricidade e acceso a todos os servizos municipais.

Por iso de cara ao próximo mandato municipal compre:

- \* Cobrarlle ao Mº de Defensa os impostos que ten obriga de pagar
- \* Cobrarlle a EMAFESA o canón que ten que pagar por xestionar o auga.
- \* Cobrarlle a Igrexa polas propiedades que non son de culto.
- \* Cobrarlle á Autoridade Portuaria os impostos correspondentes polo Peirao Exterior.
- \* Cobrarlle ás subministradoras de enerxía (electricidade, gas) e telefonía pola ocupación de solo público.
- \* Facer un censo de propiedades da Igrexa e do Estado, aclarando o seu uso e estado.
- \* Facer un censo de vivendas e locais baleiros e cobrar un recargo aos que non se queiran alugar.

Con estas esixencias e reclamacións xuntas farémonos de novo con todo aquilo que nos pertence como pobo: reclamaremos os terreos militares que nos pechan as portas ao mar, os tributos que non paga a Igrexa ou Navantía... E con todos estes recursos imos ir cara á acción para crear e revitalizar todo aquilo que soñamos e desexamos, como a recuperación dunha cidade en colapso demográfico, económico e laboral que segue esperando oportunidades, a revitalización dos nosos edificios hoxe caendo, a mellora dos servizos principais do Concello para poñelos ao dispor das persoas e non da especulación...

Nesta última década pasaron moitas cousas na economía ferrolá. Mudaron a constitución, aprobaron a Lei de Estabilidade, decidiron subir os impostos e reducir o gasto público, pasamos unha pandemia e agora estamos a sufrir unha gran subida da inflación.

Ademais de alimentar ás insaciabes transnacionais cando hai 10 anos comezou unha nova vaga de privatizacións. O novo marco legal puxo aos concellos diante



dun dilema: deixarse levar ou aplicar políticas alternativas? En Ferrol ata o de hoxe escolleuse a opción do Austericidio económico: reducindo o gasto público, aforrando para pagar aos bancos, subindo os tributos, privatizando e cunha política clientelar das subvencións nominativas en vez de optar polas convocatorias públicas de concorrència, garantindo unha igualdade de oportunidades. A diferenza de peso entre ela é ridículo nos 3 anteriores gobernos e onde un 90% do importe total destinouse a dar subvencións nominais a quen lles pareceu.

E o momento de reverter a austeridade económica e incrementar o gasto en servizos e investimentos públicos.

\* **SUPERÁVIT CERO** As restricións xa son moitas. Non podemos permitirmos deixar de gastar un so euro na cidade.

\* **+ EMPREGO + SERVIZOS** Os servizos privados que rematen o seu contrato prestaranse directamente polo concello.

\* **A XENTE POR DIANTE** Os cartos dos ferroláns son para gastar nos ferroláns, non para pagar aos bancos.

\* **EQUIDADE** O diñeiro público é de tod@s, e tod@s temos que ter as mesmas oportunidades para acceder a el.

Ferrol non é sostible porque os ingresos que se reciben son incapaces de soste unha cidade pensada para 130.000 habitantes pero que ten menos de 70.000. Por iso é moi urxente poñerse a traballar con todo o que pertence á cidade para mellorar a entrada de recursos correspondentes ao noso volume e infraestruturas.

Enchen a Administración pública de burocracia para dar resposta aos seus esquemas e a partir de aí actúan. Pretenden reducir gasto para intentar cumprir a regra de gasto, que segundo eles é non gastar máis do que se ten. Pero en definitiva alimentan aos poderosos de sempre.

O superávit, por outra banda, só se destina a amortizar a débeda. Logo non hai superávit para traballar con el. Mais o BNG aposta por investir na Cidade e non deixar que se entregue o superávit á Banca.

O obxectivo mínimo do Concello de Ferrol tería que ser o de ter Superávit Cero e ver se hai que cumprir a regra de gasto ou non e que implicacións ten para antepoñer os obxectivos sociais.

Ferrol debería poder contar con maiores ingresos estruturais porque temos maiores necesidades estruturais e precisamos chegar a un punto de equilibrio para activarnos.

Traballariamos tamén con recursos que veñen das propiedades desafectadas.

Hai problemas máis que evidentes que están latentes, porque hai temas como o da especulación urbanística que teríamos que abordar. Combater a especulación cunha reforma da ordenanza fiscal sería unha das apostas. E mais que penalizar a quen non aluga teríamos que premiar a quen o fai.

Todo isto viría da man da mudanza ao redor dos principais tributos en Ferrol e da súa xestión orientada cara a municipalización. Tanto o lixo, como o saneamento ou a electricidade formarían parte deste deseño.

## 6. UN FERROL SEN LÍMITES

Todo o escrito con anterioridade é unha mostra do proxecto que temos de cidade, un proxecto que queremos compartir contigo, facelo teu e que é instrumento co que saír deste longo letargo no que os anteriores gobernos deixaron a nosa cidade.

Unha cidade cun potencial que debe ser aproveitado, que precisa dun cambio levado a cabo por quen sentimos amor por ela. Con accións, non con palabras; con propostas, non con titulares. Para conseguirmos un Ferrol cheo de vida, no que as persoas sexan o centro, orgulloso de si e de ser diverso, cheo de oportunidades para tod@s e sen trabas doutras institucións.

Precisamos un Ferrol sen límites, nin físicos, nin mentais. Precisamos dun goberno BNG.

## 7. PROXECTOS BARRIO A BARRIO

### A Cabana:

- Centro deportivo para a práctica do remo nas instalacións existentes.

### A Graña:

- Aparcadoiro disuasorio.

### Bertón:

- Conexión co barrio de Ultramar
- Desenvolvemento dun equipamento deportivo.
- Recuperación de espazos abandonados por zonas verdes.

### Canido:

- Bosque comestible
- Darlle máis usos de carácter social para o barrio ao edificio da antiga residencia de suboficiais militar

### Caranza:

- Soterramento das liñas de alta tensión
- Recuperación do parque do Montón.

### Catabois:

- Recuperación do campo de tiro de Catabois nunha zona verde

### A Magdalena

- Humanización integral do barrio.

### Covas:

- Recuperación das instalacións de defensa de Marmadeiro.

### Doniños:

- Recuperación do campo de tiro.

### Esmelle:

- Recuperación dos terreos de Mougá.
- Desenvolvemento dun val con vontade produtiva.

### Esteiro:

- Recuperación do antigo Forno de Bellón como centro sociocultural.

### Ferrol Vello:

- Polideportivo para o barrio e o centro de estudos
- Rehabilitación casa Carvalho Calero

### Inferniño:

- Parque infantil cuberto.
- Conversión do espazo anexo á vía do tren como zona verde.

#### **Mandiá:**

- Creación dunha pista polideportiva.

#### **Marmancón/Papoi:**

- Posta en valor dos enclaves naturais (ruta verde polos humedais, miradoiro monte da Lagoa)
- Posta en valor do Castro de Papoi.

#### **Recimil:**

- Rehabilitación do mercado
- Comedor Sénior
- Acondicionamento interior das vivendas.

#### **San Felipe:**

- Plan director para o castelo de San Felipe.

#### **San Xoán:**

- Recuperación do campo de fútbol

#### **San Xurxo:**

- Posta en valor do Castro de Lobadiz.

#### **Santa Icí:**

- Residencia de maiores.

#### **Santa Mariña:**

- Traslado da estación eléctrica
- Crear zonas verdes nos solos abandonados

#### **Serantes:**

- Adecuación do edificio da politécnica

#### **Ultramar:**

- Adquisición dun baixo baleiro da zona e reconvertilo en centro cívico
- Comedor sénior

#### **Agrupación do rural:**

- Saneamento
- Ampliar o servizo de internet a todo o rural